(1) "AXENDA ENERXÉTICA 2030" PARA GALICIA NON XUSTIFICADA

Segundo os datos de Red Eléctrica Española (REE), Galicia é un territorio netamente exportador, cunha produción superior aos 22.000 MWh, dos cales máis de 14.500 son de orixe renovable, superando con creces o consumo interno da comunidade autónoma.

O último "Informe do sistema eléctrico español" de REE sinala que Galicia foi a terceira rexión con maior cuota de produción renovable a nivel estatal, cunha xeración do 64,8% de renovables no total do seu mix, superando nun 57% a cota fixada pola Unión Europea para o ano 2030.

Con estes datos na man e nesta situación claramente excedentaria non pode xustificarse a aprobación desta lei en base á "Axenda enerxética 2030" pois Galicia cumpre, sobradamente, cos obxectivos marcados polas directices comunitarias.

(2) O CRECEMENTO NON PODE SER "SUSTENTABLE" NUN PLANETA DE RECURSOS FINITOS

O borrador da Lei parte dun erro inicial, pois o concepto de "crecemento", tal como se entende a nivel económico non pode ser sustentable nun planeta cuxos recursos son finitos.

A medida que nos enfrontamos aos límites dos recursos naturais é cada vez máis evidente que non podemos seguir perseguindo un crecimento económico indefinido nun mundo con recursos cada vez máis limitados. A transición cara un modelo económico máis sostible é fundamental para a preservación do medio ambiente e a conservación da biodiversidade pois a sobreexplotación de recursos é a que nos levou a situación actual, ameazando a supervivencia dos ecosistemas e dificultando a estabilidade e o equilibrio ambiental necesario para a vida no planeta.

Sen embargo convén non olvidar que o desenvolvemento de proxectos mineiro-enerxéticos coma os que promociona este proxecto de Lei dependen directamente dos combustibles fósiles e recursos minerais a gran escala para a súa instalación e mantemento. Por iso é un erro pensar que podemos loitar contra o cambio climático xerando máis cambio climático.

(3) PREXUÍZO CONSTATABLE PARA AS COMUNIDADES

No borrador do anteproxecto de lei chama a atención que se diga textualmente que "a posta en marcha de determinados proxectos no territorio, en especial aqueles que aproveitan recursos naturais mediante unha tecnoloxía avanzada, non só debe respectar estritamente as cautelas ambientais, senón que debe ir acompañada da adecuada valoración do seu impacto social e económico na medida en que pode representar unha grande oportunidade para acadar un desenvolvemento sustentable"

cando a situación observable sobre o terreo é xustamente a contraria como así testemuñan os graves danos ambientais provocados por proxectos extractivos coma os da mina de Touro, San Fins, Monte Neme, as louseiras de Valdeorras ou os numerosos conflictos sociais desatados por toda Galicia contra a instalación de parques éolicos referendados en moitos casos a nivel xudicial e que teñen máis de "prexuízo constatable" que de "desenvolvemento sustentable".

É por isto que a idílica realidade descrita neste anteproxecto de lei tórnase xustamente no oposto: tecnoloxías terceiromundistas, deficiente ou nulo control ambiental, inxustiza continuada a nivel social e grave prexuizo económico para as comunidades co que a "promoción da mellora das condicións de vida das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos e fomento da súa cohesión local e territorial", "o compromiso coa protección, mantemento e mellora ambiental da zona de influencia dos proxectos" e "a conservación, recuperación e uso sustentable dos servizos ecosistémicos, e as boas prácticas ambientais e sociais, incluíndo a preservación dos bens culturais, tanto materiais como inmateriais, implementadas na promoción, desenvolvemento, construción e operación do proxecto" que figuran como "beneficios sociais e económicos" no texto do anteproxecto de Lei quédanse únicamente como unha mera declaración de intencións convertida na práctica en papel mollado.

(4) A IMPLANTACIÓN DE PROXECTOS EXTRACTIVOS NON LOITA CONTRA O DESPOBOAMENTO DO ÁMBITO RURAL, SENÓN QUE O XERA

A implantación forzosa de proxectos enerxéticos e mineiros pode alterar de maneira significativa a economía local das comunidades pois aínda que a miúdo estes proxectos prometen supostos beneficios económicos, como a creación de emprego a nivel local, estes "beneficios" son temporais e insuficientes para compensar os impactos negativos a longo prazo. Ademáis, a dependencia económica excesiva dunha única industria, como no caso mineiro, pode deixar en situación de vulnerabilidade ás comunidades debido ás fluctuacións do mercado global e a volatilidade dos prezos dos recursos naturais. Isto pode xerar unha inestabilidade económica que fomenta, de feito, a despoboación e leva á emigración das persoas en busca doutro tipo de oportunidades lonxe dos seus pobos de orixe.

De feito, un recente informe técnico do Banco de España de xaneiro de este ano 2023 conclúe que por exemplo no caso dos parques eólicos o seu impacto no emprego local é "maioritariamente non significativo", un factor que considera debería ter importantes implicacións para as Administracións "en termos de políticas públicas".

Segundo afirma o documento, "os investimentos eólicos teñen efectos moi baixos e estatísticamente non significativos sobre o emprego local durante as fases de construción e mantemento", pois aínda que nestes proxectos traballan equipos multidisciplinares "fano dende a distancia", cunha etapa de construción que é

"relativamente curta" levada a cabo por contratistas "que a miúdo residen noutros lugares e múdanse unha vez rematou o traballo". Ao final, só se realiza o mantemento do sitio, que "xeralmente involucra a traballadores que manteñen de forma remota varios sitios á vez" e "non residen permanentemente no municipio onde se ubica o investimento".

Tendo en conta, además, a afección negativa destes proxectos sobre actividades esenciais coma o turismo e outras do sector primario como a pesca -no caso de parques eólicos mariños-, só é posible concluir que en Galicia as promesas de emprego a nivel local das grandes empresas do sector eólico non son máis que bagatelas, sen viso algún de verosimilitude, polo que a Administación galega, como garante do benestar da poboación, non debería refrendar co seu apoio este tipo de comportamentos.

(5) PREVALENCIA DA PROTECCIÓN DA REDE NATURA 2000

No plano eólico preocupa extraordinariamente o que se contempla no artigo 17 en relación coa declaración de proxectos de "especial interese público social e económico", onde tal declaración "implicará a posible implantación" dos parques eólicos "fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia" sempre que se considere "ambientalmente viable" e se dea cumprimento a determinados requisitos.

Aínda que a norma non aclara a prevalencia en relación coa protección da Rede Natura, isto significa que na práctica todo o territorio galego é susceptible de ser colonizado por aeroxeradores sempre que se cumpran determinadas condicións, a principal das cales é o suposto impacto económico, que pode facultar á Administración autonómica para impoñer proxectos por encima do lexítimo interese dos poboadores do territorio.

(6) PRIORIZACIÓN DO NEGOCIO EXTRACTIVISTA FRONTE Á PRODUCIÓN AGRARIA

Segundo se desprende do texto a consultas, a norma prioriza o negocio das grandes empresas enerxéticas e mineiras e o seu aproveitamento territorial e dos recursos hídricos fronte á producción agraria, olvidando que Galicia ten neste sentido unha superficie útil das máis pequenas de Europa que é fundamental conservar.

Nesta liña asegurar un futuro sostible e próspero, como pregoa a norma, non pode ir en contra das comunidades rurais, senón ao seu favor. Non hai que olvidar que a instalación de proxectos eólicos e mineiros requiren grandes extensións de terreo, ocupando a miúdo espazos anteriormente utilizados para a produción agrícola, gandeira e forestal. Esta diminución de terras agrícolas pode ter un impacto negativo na seguridade alimentaria, en especial en zonas onde a actividade agropecuaria é unha fonte vital do sustento da poboación.

Doutra banda, a instalación de proxectos enerxéticos e mineiros implica a alteración significativa da contorna natural. Nalgúns casos pode existir restauración, pero na meirande parte non é posible devolver á paisaxe ao seu estado orixinal. E iso si que non é posible compensalo nin con cartos ni con suspostas accións de remediación ambiental. Ademáis, estes impactos ambientais negativos teñen o potencial de afectar tanto á calidade dos cultivos como á saúde dos ecosistemas agrícolas e á produción gandeira.

Porque no seu ADN Galicia é e seguirá sendo eminentemente rural, e as áreas rurais a miúdo teñen na agricultura e gandería unha fonte de emprego de e desenvolvemento económico e social. Sen embargo, ao priorizar a instalación de proxectos eólicos e mineiros, córrese o risco de desplazar ás comunidades de esenza agropecuaria reducindo as súas posibilidades de subsistencia e deteriorando a súa calidade de vida.

(7) FIRME REXEITAMENTO DO SECTOR PESQUEIRO ÁS AXUDAS DERIVADAS DA EÓLICA MARIÑA

Aínda que o borrador presenta axudas para os proxectos offshore "que se dirixan a compensar as afeccións derivadas da implantación dos parques eólicos mariños", dando por suposto que existirán tales prexuizos, o sector da pesca tradicional galega manifestou de maneira reiterada o seu rexeitamento, pois un dos principais problemas que acontecen é que este tipo de proxectos reducen as áreas de pesca dispoñibles afectando directamente aos caladoiros ao ocupar grandes extensións de espazo.

Doutra banda a construción e operación dos parques eólicos mariños tamén pode alterar os hábitats e afectar negativamente ás especies que son fundamentais para a subsistencia da pesca tradicional. De feito, a biodiversidade é a gran afectada por este tipo de proxectos e non só peixes e outras criaturas bentónicas, senón mamíferos mariños e aves son os grandes prexudicados. Por iso non se entende como a norma pode "promover a conservación do ecosistema e a biodiversidade" ao mesmo tempo que os pon en perigo impulsando a instalación de proxectos offshore.

Grazas á comunidade científica hoxe en día é sabido que os parques eólicos mariños poden interferir cos patróns de migración e desplazamento das especies, dificultando o seu movemento e reproducción. Isto pode ter un impacto significativo nas poboacións de peixe, reduciendo a disponibilidade de especies clave para a pesca tradicional e alterando os ecosistemas mariños de maneira significativa.

O que non debería facerse por parte da Administración é xustificar a implantación deste tipo de proxectos de alto impacto ambiental aducindo que son claves para o tecido industrial galego ao tempo que se prexudica de maneira directa ao sector pesqueiro, que, repetimos, rexeita calquera tipo de axuda compensatoria e só pretende seguir coa súa actividade.

Non hai que olvidar que a pesca tradicional galega é unha actividade económica que ten unha forte compoñente cultural en moitas comunidades costeiras e que a redución da disponibilidade do recurso pesqueiro do que dependen pode ter consecuencias negativas non só para os pescadores, senón para os miles de familias que de maneira directa e indirecta dependen da súa actividade, sen olvidar que a diminución das capturas e as alteracións do ecosistema poden afectar non só aos ingresos económicos das persoas que dependen deles, senón á seguridade alimentaria da propia Galicia.

(8) UNHA NORMA ANTIDEMOCRÁTICA

A tenor da análise do texto do borrador desprendese que esta Lei é unha norma arbitraria e discrecional por parte dunha Administración que renuncia á obxectividade e presenta un déficit evidente no que á participación pública se refire, aludindo á compensación de impactos negativos na instalación de proxectos enerxéticos e mineiros e dando por sentado que de habelos os danos ambientais e sociais poden cubrirse sempre con cartos e investimento en medidas correctoras e compensatorias.

Sen embargo, o Goberno autonómico, como garante dos intereses da cidadanía galega, debería saber a estas alturas que a participación pública é esencial para garantir que os intereses das comunidades locais se teñan en conta e poda fomentarse a confianza e o diálogo, tanto si a poboación está a favor dun proxecto eólico ou mineiro ou en contra, porque cando a veciñanza/cidadanía síntese escoitada e ten a oportunidade de participar na toma de decisións, créase un sentido de responsabilidade compartida, reducindo deste xeito a posibilidade de que aparezan conflitos sociais e/ou ambientais.

(9) VALORACIÓNS FINAIS

Aínda que por escrito esta lei nace "coa finalidade de asegurar a xestión responsable dos recursos naturais de Galicia", na práctica nin contribúe á protección da natureza, só colabora a crear riqueza para as grandes multinacionais e as súas empresas satélite e prexudica máis que axuda ao territorio e aos seus habitantes, que de maneira periférica poden recoller as migallas dun gran negocio extractivo, pero que a cambio terán que asumir as moitas externalidades negativas xeradas polos proxectos enerxéticos e mineiros, o que, evidentemente, non compensa baixo nengunha circunstancia.

En conclusión, hai que rexeitar a implementación desta norma debido á súa incopatibilidade coa protección do medio ambiente e os impactos negativos que pode xerar a nivel social, máis cando esta pretendida lexislación carece de medidas efectivas, alén da aportación económica, para mitigar os danos ambientais e non aborda adecuadamente os problemas sociais que podan surxir.

A preservación do medio ambiente é un imperativo global, e a cidadanía, de maneira consciente, debe abogar por leis que promovan a sostibilidade e o benestar das

xeracións presentes e futuras. Neste senso, esta lei de recursos naturais prexudicaría á contorna natural, comprometendo a calidade de vida das persoas e socavando os esforzos por construir unha sociedade máis equitativa e resiliente.

En contraste, Galicia require un enfoque lexislativo que priorice a protección ambiental, fomente prácticas sostibles -non únicamente extractivistas- e promova o desenvolvemento de alternativas que armonicen coa natureza pois só a través desta visión holística e políticamente responsable será posible garantir un futuro próspero e verdadeiramente sostible para a poboación.

FRANCISCO LUEIRO GARCIA

Firmado digitalmente por FRANCISCO LUEIRO GARCIA
Fecha: 2023.06.05 21:06:27 +02'00'